



CANTA, MIÑA PEDRA, CANTA

FalaRedes 2019 ponse en marcha cunha actividade de homenaxe a **Antonio Fraguas**.

Xa está aquí unha nova edición do FalaRedes, o programa de dinamización do galego da Secretaría Xeral de Política Lingüística que se centra en ampliar a oferta de ocio na nosa lingua para nenos e non tan nenos en concellos pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística, en promover o uso e a valoración positiva do galego e en apoiar os artistas que desenvolven o seu traballo neste idioma. FaRedes 2019 ábrese cunha actividade -Canta, miña pedra, canta-, que suma a todos estes obxectivos outro máis: o de renderlle homenaxe ao autor das Letras deste ano.

Da man do músico Xoán Curiel -que volve ao programa tras os seus éxitos con *Estamos no vérán!!!* e *A casa do terror*- e da contadora Charo Pita, FalaRedes ofrece un espectáculo que combina as narracións orais coas cantigas que don Antonio Fraguas, a quen este 2019 se lle dedicará o 17 de maio, recolleu nas súas Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade.

Co obxectivo de que o público que ve o espectáculo poida seguir afondando na lectura en galego e no coñecemento do noso patrimonio lingüístico e literario unha vez que a actuación finalice, cada familia asistente recibirá antes de marchar unha pequena antoloxía de narracións tradicionais de Galicia escolmadas por Quique Harquindey e Maruxa Barrio titulada *O fillo do rei e outros contos populares*.

Dirixido a público de 6 a 12 anos e ás súas familias, *Canta, miña pedra, canta*, chegará esta primavera a 14 concellos da Rede de Dinamización Lingüística: Ames, Arteixo, Boiro, Noia, O Grove, Vilagarcía de Arousa, Cangas, A Estrada, Monterroso, Vilalba, Mondoñedo, Barbadás, Ourense e O Carballiño. E coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/FalaRedes.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

CANTA, MIÑA PEDRA, CANTA

MARZO

- Sábado 23: **Noia**, no Coliseo Noela, ás 19:00 horas
- Domingo 24: **Vilalba**, no Auditorio Carmen Estévez, ás 18:00 horas
- Sábado 30: **Arteixo**, no Auditorio do Centro Cívico e Social, ás 12:00 horas
- Sábado 30: **Monterroso**, no salón de actos do Centro Sociocultural, ás 17:30 horas

ABRIL

- Sábado 13: **Ourense**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas
- Xoves 18: **Carballiño**, na Praza Maior, ás 19:00 horas
- Sábado 20: **Mondoñedo**, no salón de actos da Casa da Xuventude ás 18:30 horas
- Venres 26: **O Grove**, na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, ás 18:00 horas
- Sábado 27: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas

MAIO

- Venres 3: **Boiro**, na Casa da Cultura Ramón Martínez López, ás 20:00 horas
- Sábado 4: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 12:00 horas
- Domingo 5: **Barbadás**, na Casa da Cultura Manuel María, ás 19:00 horas
- Sábado 11: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 12:00 horas
- Venres 31: **Ames**, na Casa da Cultura de Bertamiráns, ás 18:00 horas

